

ACTIVIDADES PARA TRABALLAR CO CONTO:

A MELLOR SOPA DO MUNDO

Título: A mellor sopa do mundo

Autora: Susanna Isern & Mar Ferrero

Editorial: OQO



Resumo: Nun lugar escondido do bosque, unha pequena cabaña tiña a luz acendida. Pola cheminea saía fume: Tartaruga estaba preparando a comida.

Pouco a pouco o bo arrecendo da sopa fai que algúns animais do bosque (sorprensidos por unha gran tormenta de neve) cheguen ata a súa casa. Cada un leva un ingrediente que engaden a esa marabillosa sopa, que cando proban pensan é a mellor do mundo!!

**Será polos ingredientes? A forma de cociñar da tartaruga?
Botaríalle algo especial? Tartaruga desvelaralles o segredo.**

***Se non dispoñedes do libro na casa, tedes á vosa disposición o seguinte enlace:**

[Plataforma de préstamo de libros electrónicos das bibliotecas escolares públicas galegas](#)

Tamén o enlace a youtube en LSE: [“A mellor sopa do mundo”](#)

Tamén a curtometraxe do [CEIP Martagona](#), para o plan proxecta “Nós tamén creamos”.

ACTIVIDADES:

1. REFLEXIONAMOS...

Ao rematar a lectura do conto podemos falar sobre o seu contido a partir de preguntas como por exemplo:

- Cales son os protagonistas do conto?
- Cal é o animal que máis che gustou?
- De todos os ingredientes que levaban, cales usarías ti para facer unha sopa?
- Botas en falta algún ingrediente máis?
- Por que lles sabía tanto a sopa a todos?

Deixa que o neno/a exprese as súas ideas, sentimentos e emocións.

2. XOGO DRAMÁTICO.

Podedes xogar toda a familia. Repartirvos personaxes: tartaruga, coello, cervo, raposo, oso e lobo. Ademais, ao estar na casa, podedes empregar os utensilios de cociña (que non se rompan) e facelo aínda máis real.

Acordádevos de crear unha voz a cada personaxe, roupas diferentes ou incluso algunhas máscaras que podedes imprimir de internet e colorear.

3. RECEITA SOPA.

Se queremos seguir co xogo podemos facer unha sopa de verdade para comer ou cear.

Por exemplo esta de verduras con polo.

Ingredientes

- 300 gr de xudía verde
- 2 porros
- 1 cenoria
- 1 litro de caldo de verduras
- 3 filetes de polo

Consello: Podes engadir uns taquiños de queixo ou uns picatostes de pan como decoración.

Preparación

1. Cortamos as verduras, deixando o porro separado. Reservamos.
2. Cortamos en dados moi pequenos os filetes de polo e freímoslos nunha olla con dúas culleradas de aceite. Deixamos que se dore o polo.
3. Engadimos o porro e sofreímos cinco minutos máis. Botamos as xudías verdes, a cenoria e o caldo de verduras.
4. Cociñamos a lume medio durante 20 minutos.

4. AMIZADE.

Principalmente o conto fálanos da AMIZADE, compartir, o respecto, axudar...e que todo iso fainos sentir mellor.

Escribir nun papel (ou pizarra pequena si tedes) os amigos/as da súa clase, pode ser coa vosa axuda ou que o intenten solos.

Falar de por que son os seus amigos, que lles gusta facer con eles, e incluso que fagan o debuxo.

5. CREBACABEZAS.

Se lles apetece facer algún debuxo dos personaxes, podedes recortar e intentar realizar un **crebacabezas**.

6. SOPA DE LETRAS

Atopa moitas das palabras que seguro empregáchedes durante todas as actividades deste ou outros contos. Están situadas en horizontal e vertical.

A	M	O	R	T	S	R	O	A	A
D	Z	L	Ñ	A	O	I	R	M	L
E	M	P	A	T	P	A	I	I	E
R	X	M	Q	X	A	L	S	Z	G
T	A	R	T	A	R	U	G	A	R
U	V	X	F	M	X	A	O	D	I
E	M	P	A	T	I	A	P	E	A
A	N	I	M	A	I	S	Z	A	X

AMOR
SOPA

TARTARUGA
FELICIDADE
ANIMAIS

AMIZADE
EMPATÍA

Rebeca Núñez Varela